O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Cosme Pombo Rodríguez, Francisco Xesús Jorquera Caselas, Daniel Rodas Chapela**, e das deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo, Tereixa Paz Franco, Montserrat Prado Cores e María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á provisión dunha praza da especialidade *Conservación e Restauración do Documento Gráfico* na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza.

A Consellería de Educación publicou as vacantes provisionais para o Concurso xeral de traslados, convocado pola orde do 13 de xaneiro de 2016, pola que se convoca concurso de traslados entre o persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da administración educativa e inspectores de Educación.

Na listaxe de vacantes para o Concurso xeral de traslados (publicada o día 8 de marzo) aparece unha praza para a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza, no corpo 595 na especialidade 506 *Conservación Restauración de Documento Gráfico*.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Causa sorpresa dita vacante por canto nin se impartía na Escola Superior de Conservación, nin está creada tal especialidade, nin foi solicitada polo centro, nin pola inspección educativa.

E causa sorpresa, pois, a adxudicación provisional (tamén a definitiva) desta praza posto que non existía cando rematou o prazo para poder concursar.

Ante esta enorme sorpresa, a Dirección e profesorado da Escola séntese indignados e denuncian a irregularidade desta proposta de vacante que non responde a unha necesidade xustificada e que prexudica á organización xeral do centro e á transparencia que se agarda do sistema de adxudicación de vacantes.

Tamén a CIG-Ensino (sindicato maioritario do ensino), denuncia a irregularidade desta proposta de vacante, que ven a encubrir un enchufe clamoroso e un gravísimo feito irregular que vai en contra do funcionamento democrático e transparente da administración educativa e que prexudica claramente a calidade do ensino público.

Mesmo a Xunta de Persoal Docente de Pontevedra, por unanimidade, condena a actitude antidiálogante e a falta de transparencia da administración educativa para tratar de favorecer a unha persoa concreta creándolle unha praza “ad hoc”.

Tanto a Escola como a CIG-Ensino e a Xunta de Persoal Docente de Pontevedra reclaman a anulación de dita vacante e a conseguinte cancelación da adxudicación provisional á persoa implicada.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo Parlamentar do BNG comparte, tanto a indignación como a denuncia: do profesorado da Escola, da CIG-Ensino e da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra por entender que estamos ante un feito gravísimo cal é a adxudicación dunha vacante de xeito irregular e de xeito caciquil para favorecer a unha persoa determinada, co cal se elimina o principio de igualdade de oportunidades diante do Concurso xeral de traslados.

O G.P. do BNG entende que as prácticas corruptas non son admisíbeis no ámbito da Administración pública; administración que non pode crear unha praza *ex-profeso* para unha persoa en concreto, sen xustificación académica e mesmo prexudicando a outros/as profesores/as do centro.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas oportunas para:

1º.- Anular a convocatoria da praza do corpo 595 na especialidade 506 *Conservación Restauración de Documento Gráfico* que aparece na listaxe de vacantes para o Concurso Xeral de Traslados (Publicada o día 8 de marzo) na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza.

2º.- Anular a adxudicación, por Concurso xeral de traslados, da praza do corpo 595 na especialidade 506 *Conservación Restauración de Documento*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Gráfico da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza.”

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2016

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

Daniel Rodas Chapela

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Tereixa Paz Franco

Montserrat Prado Cores

María do Carme Adán Villamarín

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 17/06/2016 13:31:59

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 17/06/2016 13:32:14

Daniel Rodas Chapela na data 17/06/2016 13:32:23



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Tereixa Paz Franco na data 17/06/2016 13:32:35

María Monserrat Prado Cores na data 17/06/2016 13:32:42

María do Carme Adán Villamarín na data 17/06/2016 13:32:45

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/06/2016 13:32:49

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Mónica Fernández Rodríguez** e **Consuelo Martínez García** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á educación é un dereito humano recoñecido e se entende como o dereito a unha educación primaria gratuíta e obrigatoria para toda nena e neno, unha obrigaón a desenvolver unha educación secundaria accesíbel para toda a mocidade sen distinción racial.

A educación básica no estado español e en Galiza é obrigatoria e gratuíta para todas as persoas, agás os materiais educativos e os libros. Desenvólvese ao longo de 10 cursos académicos, que nun principio se corresponden coa etapa de 6 ata os 16 anos, estes cursos se distribúen en dous tramos: a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria.

Nos últimos anos, por diversas causas, o sistema debe considerar o actual sistema de atención e apoio educativo a domicilio pois existen casos de nenas e nenos que por motivos de enfermidade non poden acudir á escola ou ao instituto pero si poden recibir clases no seu domicilio ou no hospital onde están ingresados.

Os protocolos que había ata a actualidade deberían ser revisados polo departamento educativo como polo sanitario para facer as reformas que sexan precisas para garantir un acceso en pé de igualdade de oportunidades.



Xa houbo antecedentes cun neno por motivos de saúde na Costa da Morte onde se deberon tomar medidas para evitar os atrasos cunha adaptación curricular específica, contando coa opinión de sanidade.

Pero este non é o único caso, pois existe outro en Ferrol dun neno diagnosticado de insuficiencia renal terminal secundaria ao que hai que engadir a precariedade económica da súa familia. O estado de saúde deste neno require unha persoa constantemente ao seus carón e non pode asistir a escola por esta enfermidade e non recibe asistencia educativa no seu fogar.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Ofrecer o sistema de apoio domiciliario ás nenas e nenos que por problemas de saúde non poden acudir a súa escola ou instituto habitual para garantir a igualdade no acceso á educación obrigatoria.
2. Tomar medidas no caso do neno de Ferrol tendo en conta a súas características e indicar cando se vai facer efectiva esta asistencia educativa.”

Pazo do Parlamento, a 17 de xuño de 2016


Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez

Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asdo.: Consuelo Martínez García


Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:



Mónica Fernández Rodríguez na data 17/06/2016 13:38:04

María Consuelo Martínez García na data 17/06/2016 13:38:12





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás actuacións a realizar para evitar o deslocalización de Telefónica

A decisión dos gobernos españois de liberalizar o sector das telecomunicacións para facilitar o negocio do capital, e pasar de ser un servizo público a considerarse un servizo de interese xeral, ten modificado profundamente este sector fundamentalmente en cuestións como: o abandono e deterioro do servizo naqueles territorios que non son economicamente rendíbeis; o conseguinte incremento da “fenda dixital” e a baixa calidade do servizo e a destrución de emprego e a precariedade das condicións de traballo.

Telefónica/Movistar é a empresa referente no sector, pola súa condición de *Operador con Poder Significativo no Mercado*, antes denominado *operador dominante*, polo tanto, das políticas do “mercado” en materia de emprego, desenvolvemento tecnolóxico e fluxo de rendas no noso País.

Telefónica-Movistar executa unha política empresarial de concentración e centralización tanto do persoal como da estrutura organizativa. Está a implantar un modelo Empresarial e de persoal concentrado, con dous pivotes, Madrid - Barcelona, e tres capitais territoriais en Bilbao, Valencia e Sevilla. Nesta



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implantación en 2011 eliminaron o Territorio Galiza-Asturias que tiña a capital na Coruña e trasladárona a Bilbao. Ten unha organización interna con 4 categorías provinciais, determinantes para a súa política de persoal (Especial, tipo I, II e III), toda Galiza é cualificada de Tipo III, xa que en 2012 rebaixase a categoría III a Coruña e Pontevedra.

O Bloque Nacionalista Galego ten presentado diversas iniciativas no Parlamento Galego denunciando o progresivo dismantelamento de Telefónica en Galiza, co que significa de espolio dunha infraestrutura produtiva fundamental como é a das telecomunicacións, a perda e deterioro de postos de traballo, mais a situación non fai máis que empeorar.

Telefónica ten aprobado un Convenio Colectivo de Empresas Vinculadas (CEV) no que están integrados os cadros de persoal de Telefónica de España, S.A.U, Telefónica Móviles e TESOL, Telefónica Soluciones. Nese CEV, inclúese un Plan de Adecuación de Plantillas 2016-2017, que implica unha nova redución de emprego de ata 6500 traballadores/as en todo o Estado.

É evidente que a política de xestión de recursos humanos, que inclúe a redistribución do cadro de persoal e unha organización do traballo, exclúe a Galiza do emprego de calidade e da produción de servizos avanzados de telecomunicacións. Emprego meramente testemuñal, emprego cualificado deslocalizado, e o resto externalizado, precarizado en empresas subcontratadas.

Aproximadamente son 24.000 as persoas empregadas neste grupo de empresas, das que en Galiza hai 1.100, é dicir o 4.17% , mentres representa a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

nivel do Estado o 6.5% da poboación e o 5% do PIB. Existe un déficit de persoal en Galiza de arredor de 662 profesionais, cando en xuño de 2014 era de 472.

Esta actuación vense realizando desde hai tempo, entre 2011-2013, coa aplicación do ERE, reduciuse un 32% o cadro de persoal en Galiza. En novembro de 2015, o Grupo Telefónica tiñan en Galiza 1240 traballadores/as, o 4.56% do persoal do Estado.

Que o deseño, a dirección, a organización e a planificación da actividade das telecomunicacións se realicen cada vez máis afastadas do noso país, ten como consecuencia deixar a Galiza sen un sector estratéxico, en canto á toma de decisións e ao desenvolvemento económico e de emprego. Un sistema de xestión cos centros de decisión noutros territorios conduce a un descoñecemento da realidade económica, e mesmo física de Galiza, que se traduce inevitabelmente nunha redución da cantidade e calidade do servizo, nun atraso económico e tecnolóxico.

Esta son as razóns que levan ao Grupo parlamentar do BNG a presentar a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Que en todos os convenios e subvencións que a Xunta realice con empresas de telecomunicación, sexan condicionados á produción local e á creación de emprego en Galiza integrado este en todo o proceso produtivo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Realizar todas as actuacións precisas para impedir a deslocalización das empresas de telecomunicacións e fomentar o emprego no sector, en especial o cualificado.”

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Monserrat Prado Cores na data 17/06/2016 13:43:54

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 17/06/2016 13:44:00

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (**ESQUERDA UNIDA-ANOVA**), a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Juan M. Fajardo Recouso, Ramón Vázquez Díaz, Antón Sánchez García e Xosé M. Beiras Torrado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relacionada **coas prestacións en saúde bucodental**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En abril de 2016 o Parlamento de Galicia aprobou por maioría unha iniciativa que instaba á Xunta a estudar a viabilidade de ampliar a cobertura en saúde bucodental na poboación adulta para o financiamento de limpeza e empastes das pezas dentais. Cubrindo o custe dos procesos patolóxicos da cavidade oral que agora mesmo corren a cargo das persoas que os precisan.

Sen embargo, e a falta de que a Xunta indique cando vai ter conclusións a cerca de ese estudo, existen outras melloras importantes que precisan as actuais prestacións.

O Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia ten denunciado que a día de hoxe aínda existen Unidades de Saúde Bucodental no SERGAS que carecen de profesionais hixienistas, necesarios e necesarias xunto aos odontólogos e odontólogas para dar cobertura á totalidade das prestacións actuais.

Por outra banda, existe bastante descoñecemento da poboación en xeral sobre as prestación que a día de hoxe existen no SERGAS nesta materia e atencións básicas coma a das persoas que sofren cancros orais seguen sen ser tratadas na sanidade pública.

Por todos estes feitos, **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA- ANOVA)** realiza a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dotar ás USB de alomenos un/unha hixienista dental. Planificar e acordar xunto aos e ás profesionais a OPE necesaria.
- 2.- Levar a cabo unha campaña informativa sobre as prestacións de saúde bucodental públicas por unha banda dirixida ao público xeral e por outra aos profesionais sanitarios.
- 3.- Ampliar a cobertura ofrecida polos e polas hixienistas dentais no SERGAS ás persoas doentes diabéticas, irradiadas en cancro de cabeza e pescozo, transplantadas, con enfermidades cardiovasculares graves e outras que se determinen en circunstancias especiais.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/06/2016 10:55:22

Jose Javier Ron Fernandez na data 20/06/2016 10:55:30

Juan Manuel Fajardo Recousó na data 20/06/2016 10:55:38

Ramón Vázquez Díaz na data 20/06/2016 10:55:46

Anton Sánchez García na data 20/06/2016 10:55:53

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 20/06/2016 10:55:59



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á aplicación de coeficientes redutores aos bombeiros dos parques comarcais de Galiza.

Os parques comarcais de bombeiros existentes en Galiza son xestionados pola administración a través de consorcios, creados para desenvolver e prestar o servizo público contra incendios e salvamento dentro do seu ámbito de actuación.

A totalidade dos consorcios optaron pola prestación do servizo de forma indirecta, a través da licitación dito servizo e o correspondente procedemento de contratación pública.

O RD 383/2008 de 14 de marzo polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos, no seu artigo 1. Ámbito de aplicación, establece que “aplicarase aos traballadores por conta allea e empregados públicos, incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social, que presten servizos como bombeiros, nas súas diferentes escalas, categorías ou especialidades, en corporacións locais, comunidades autónomas, no Ministerio de Defensa, no Organismo Aeroportos Españois e Navegación Aérea, así como nos consorcios ou agrupacións que puideran ter constituídos as expresadas administracións.

Pese a esta normativa, o Instituto Nacional da Seguridade Social, está a realizar unha lectura restritiva do RD 283/2008 e considera que os bombeiros dos consorcios comarcais ao non estar directamente contratados pola administración.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A aplicación de coeficientes de idade de xubilación establécese en atención a “grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade”, de xeito que non ten nada a ver co tipo de contratación ou xestión do servizo, senón coa actividade de bombeiro.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a realizar todas as actuacións precisas diante do Instituto Nacional da Seguridade Social, para que se lle aplique @s bombeiros dos consorcios comarcais de Galiza, o establecido no RD 383/2008, en canto á cotización adicional que posibilita a aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación.”

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2016 12:38
Nº Rexistro: 51618

Data envío: 20/06/2016 12:38:34.147

María Monserrat Prado Cores na data 20/06/2016 12:37:17

María Tereixa Paz Franco na data 20/06/2016 12:37:23

Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/06/2016 12:37:28

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Consuelo Martínez García** e **Mónica Fernández Rodríguez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


As axudas para a incorporación dos mozos e mozas ao agro (financiadas nun 75% por fondos europeos, nun 17,5% pola Xunta e nun 7,5% polo Estado central) supoñen unha ferramenta imprescindible para fomentar o rexuvenecemento do sector e, en xeral, do rural galego, tendo en conta que en Galicia menos dun 5% das explotacións están en mans de xente nova e máis do 40% é propiedade de persoas de máis de 60 anos.

Ata o ano 2014 as axudas á incorporación vinculábanse só a investimentos. No momento de declaralas a Facenda, permitíase que os e as beneficiarias imputaran ese ingreso ao longo de varios anos, conforme facían as amortizacións.

Porén, dende o 2014, comezou a permitirse que estas axudas puidesen servir para axudar nos gastos correntes das explotacións, de cara a fomentar máis eficazmente as incorporacións de mozos e mozas, o problema é que nestes casos de gastos xerais, non se permite distribuír a tributación en varios exercicios.

A última convocatoria dispuña 57 millóns de euros, tanto para investimentos concretos como para gastos xeral dunha primeira instalación, dirixidos a

1



persoas entre os 18 e os 41 anos, coa obriga de manter a actividade durante polo cinco exercicios.

Porén, como denuncia o Sindicato Labrego Galego, estas axudas están sometidas a unha fiscalidade excesiva e inxusta, que lles obriga a tributar ata un terzo da cantidade total recibida no primeiro ano (aínda que a axuda se refire a un período de cinco) e, en ocasións, mesmo se impón o pagamento a persoas que aínda non recibiron a subvención.

Estas axudas deberían estar exentas de tributación para favorecer a incorporación de xente moza ao agro, xa que o inicio da actividade é o un período no que deben enfrontar numerosas amortizacións e precisan dispoñer de liquidez.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:


“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Dirixirse ao goberno do estado para que realice as xestións necesarias para que estas axudas fiquen exentas de tributar impostos.
2. Dirixirse ao goberno do estado para que, mentres non se regule esa exención, se unifique o criterio de prorratear o imposto sobre esta subvención durante os cinco anos obrigatorios do período de instalación.”

Pazo do Parlamento, a 20 de xuño de 2016

Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asdo.: Consuelo Martínez García



Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 20/06/2016 13:28:51

María Consuelo Martínez García na data 20/06/2016 13:28:56



Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Consuelo Martínez García** e **Mónica Fernández Rodríguez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Non é a primeira vez que o Grupo Parlamentar Mixto denuncia no Parlamento Galego a situación de deterioro arquitectónico e mobiliario, o amoreamento de reclusos, a violación de dereitos fundamentais, torturas e mortes pouco explicadas.

O día 17 de xuño, o módulo tres da prisión da Lama foi escenario dunha pelexa multitudinaria na que participaron medio centenar de presos dos 109 que conviven no módulo e que se saldou cun home ferido e varios lesionados, segundo Acaip.

Ao parecer, o altercado foi consecuencia da concentración de presos de dous módulos diferentes no módulo 3 mentres se coloca a instalación de detectores de fume nas celas.

En varias ocasións este grupo parlamentar ten solicitado ao Ministerio de Interior a visita aos centros penitenciarios de Galiza, sendo denegada outras tantas veces alegando a competencia estatal.

Ante a reiteración das denuncias e situacións de risco nos centros penitenciarios localizados en territorio galego e en pro do Principio de Transparencia,



Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao goberno do Estado solicitando en nome do goberno galego e do Parlamento de Galicia se autorice a visita das deputadas e deputados galegos ás penitenciarias sitas en Galicia, así como as entrevistas coas persoas internas nas institucións que así o soliciten.”

Pazo do Parlamento, a 21 de xuño de 2016


Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asdo.: Consuelo Martínez García
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 21/06/2016 09:57:02

María Consuelo Martínez García na data 21/06/2016 09:57:10




Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Consuelo Martínez García, Carmen Iglesias Sueiro e Mónica Fernández Rodríguez** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As enfermidades neurodexenerativas teñen como atributo común o curso progresivo dos seus síntomas, reflexo do dano paulatino dunha parte ou partes do sistema nervioso. Todas elas presentan algunhas características clínicas comúns, en canto que o seu inicio é insidioso, e o seu curso crónico e progresivo. Non teñen un tratamento etiolóxico e as actuacións terapéuticas son sintomáticas nalgúns casos e paliativas en todos eles. A intervención céntrase, en xeral, en aliviar a dor, a incapacidade e as posibles complicacións que acurtan a vida. Xeran un terrible padecemento físico e psíquico entre aqueles que as sofren e entre os seus familiares. Ademais, as súas repercusións socioeconómicas son moi importantes, pois ao propio proceso da enfermidade hai que sumar o impacto psíquico, a mingua na calidade de vida, a incapacidade laboral, a perda de habilidades sociais, a carga física e psíquica dos/as coidadores/as de estas persoas e o enorme gasto económico que implica a súa atención social e sanitaria.

As persoas con discapacidade por enfermidades neurodexenerativas non responden ao patrón de outras discapacidades e o sistema, pola súa inadecuación as súas necesidades específicas, fai que en moitos casos se dean situacións claras de desprotección social. Así, se producen situacións de total desamparo porque non se alcanza un grao de discapacidade mínimo



recoñecido. O sistema de valoración non é adecuado ni sensible para medir a realidade da súa discapacidade. Neste sentido, o recoñecemento soe producirse demasiado tarde, cando a persoa alcanzou un grave nivel de deterioro físico. Cando a realidade, é que o acceso a servizos e recursos especializados son básicos para previr ou paliar os efectos da enfermidade e para atender ás persoas e as súas familias. O recoñecemento do 33% na discapacidade das persoas diagnosticadas con enfermidades neurodexenerativas, con independencia da valoración, contribuiría a mellorar o seu acceso a recursos, servizos ou prestacións e evitaría que se xeraran posibles situacións de desprotección como as que se están xerando na actualidade. Compensaríase así a especificidade en canto á variabilidade dos cursos de estas enfermidades.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Instar ao Goberno de España a atender as peticións das asociacións de persoas con enfermidades neurodexenerativas, tendo en conta todas as especificades destas enfermidades nos procesos de revisión e actualización dos baremos, buscando en todo momento poder realizar os procesos de valoración con equidade e atendendo ás características do avance do proceso dexenerativo.
- 2.- Instar ao Goberno de España á modificación do baremo para a avaliación do grado de discapacidade recoñecendo, tras o diagnóstico de enfermidades neurodexenerativas, un porcentaxe de discapacidade do 33% independentemente da propia valoración que compense a especificidade en canto a variabilidade de xeración e de explotación que os cursos que estas enfermidades xeran

Pazo do Parlamento, a 21 de xuño de 2016

Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez

Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro

Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 21/06/2016 13:56:27

Carmen Iglesias Sueiro na data 21/06/2016 13:56:35

María Consuelo Martínez García na data 21/06/2016 13:56:41



Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Consuelo Martínez García** e **Mónica Fernández Rodríguez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta acaba de publicar no DOG, con data do 20 de xuño, o regulamento que desenvolve a Lei de Estradas de Galiza, adaptado ao noso territorio para xestionar a súa rede autonómica de estradas.

Neste documento se clarifican e concretan algúns aspectos da lei aprobada en xullo do 2013, onde se contempla tamén todo o referente ao financiamento das estradas de titularidade autonómica. O novo regulamento consagra o uso gratuíto das vías da Xunta, agás que se estableza unha taxa polo seu uso.

A normativa estatal abre a porta á posibilidade excepcional de impoñer taxas polo uso e a Comisión Europea recomenda que os textos legais sexan o suficientemente xenéricos para que non se peche a porta as novas fórmulas para financiar as infraestruturas pois cada vez son máis avultados os presupostos públicos para o mantemento destas vías.

Este regulamento desenvolve a capacidade do goberno galego para eliminar ou rebaixar peaxes, coas limitacións que impón a lei de concesións, que obriga á compensación automática á adxudicataria da concesión, pois a Administración é responsábel indirecta do equilibrio financeiro destes negocios. Esta posibilidade non estaba contemplada normativamente.



Naqueles treitos das estradas onde se estableza un pagamento de peaxe ou taxa polo seu uso, a Administración titular poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios que veñan reducir ou anular o pagamento directo por parte da persoa usuaria que supón unha mellora no desenvolvemento dunha área ou comarca pois na maioría dos casos as tarifas son moi elevadas.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:


“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Eliminar a peaxe das autoestradas de competencia autonómica como a AG-55 entre A Coruña e Carballo, a AG-57 entre Vigo e Baiona e nas futuras autoestradas en execución.
2. Eliminar a peaxe da autoestrada AP-9 en canto se transfiran as competencias á Xunta. Exixir ao Ministerio de Fomento o traspaso que permitiría ter un maior control da concesionaria.
3. Garantir igualdade de condicións e comunicacións nas vías galegas a toda a poboación.
4. Apostar polo transporte público por estrada e intermodal en toda a xeografía galega.”

Pazo do Parlamento, a 22 de xuño de 2016

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

*Asdo.: Consuelo Martínez García
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*



Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 22/06/2016 11:12:29

María Consuelo Martínez García na data 22/06/2016 11:12:36



Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Consuelo Martínez García** e **Mónica Fernández Rodríguez** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de marzo o Parlamento Galego aprobaba o ditame da comisión de Ordenación Territorial para reclamar a transferencia da titularidade e competencia da AP-9 do Estado á Xunta. Dito ditame foi remitido ao Congreso dos Deputados e Deputadas. Non é a primeira vez que se intenta conseguir esta transferencia onde o proceso foi tombado en ocasións anteriores. Deberemos agardar un trámite que pode dilatarse un período de dous ou tres anos.

De momento temos que agardar pola resolución, reivindicar e exixir que esta autoestrada sexa libre de peaxe.

Compre mencionar que moitos tramos adoecen das características que definen unha vía destas características como pode ser o tramo de Pontevedra a Vigo.

A rebaixa introducida no ano 2013 nesta zona sur trataba de paliar que o custe por quilómetro sexa entre Pontevedra e Vigo o segundo máis alto da AP-9, dos 0,0918 euros/quilómetro do traxecto total, resulta nese eixe de 0,1636, pero inda chega a 0,3000 nun dos percorridos máis caros de todo o estado español, o que une Vigo e a estrada de acceso a Redondela. Os seus tres quilómetros custan 0,90 euros, sendo un prezo que ten como seguinte e afastado competidor o da M-12 de Madrid, con 0,2074 euros/quilómetro.

Non se aplican descontos horarios como noutras autoestradas do estado español. Desmantelamento do servizo coa falta de persoal para o cobro das taxas de peaxe, moitas veces o pago rápido non funciona, o mantemento da propia infraestrutura e o tipo de asfalto non drenante, a redución da velocidade dun xeito drástico na ponte de Rande por obras, a entrada á cidade de Vigo coa limitación dos accesos nunha área de moito tráfico rodado. Todas estas características non son propias do que é unha autoestrada onde se paga inxustamente por uns servizos limitados sobre todo para aquelas persoas obrigadas a circular diariamente por este treito.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Tomar medidas para compensar as persoas usuarias deste treito de autoestrada.
2. Exixir á concesionaria a rebaixa dos prezos da peaxe neste traxecto ou a eliminación mentres non se resolva a transferencia desta autoestrada.”


Pazo do Parlamento, a 22 de xuño de 2016

*Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez
Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*


*Asdo.: Consuelo Martínez García
Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.*

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 22/06/2016 11:23:06



María Consuelo Martínez García na data 22/06/2016 11:23:15



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **M^a Soledad Soneira Tajés, Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez e Vicente Docasar Docasar**, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Exposición de motivos

Galicia é das comunidades cun alto índice de delincuencia menor. Cando menos é o que indican os datos estatísticos. A pregunta que moitos profesionais, dos corpos e forzas de seguridade, se fan é si estes datos responden á realidade ou son froito das carencias e limitacións de persoal e de material, que fan imposible unha resposta, e conseguinte rexistro, de tódalas incidencias que realmente acontecen.

Con reiterada frecuencia as organizacións profesionais da Policía Nacional teñen denunciado as carencias e limitacións que sofren: carencia de medios técnicos, ausencia de reposición das baixas vexetativas que se producen, instalacións obsoletas en moitos casos, ausencia dun organigrama e dirección adaptada á realidade de Galicia, discriminación salarial con respecto a outros territorios, ausencia de infraestruturas que fagan compatible o desempeño do traballo coa conciliación familiar, etc.

Galicia, por razóns que a ninguén se nos escapan, é un lugar moi sensible nalgunhas formas de delincuencia, polo que é preciso manter unhas forzas de seguridade suficientes e con recursos técnicos axeitados a esta realidade. Tampouco hai que esquecer o fenómeno do terrorismo internacional que ten un dos seus posibles obxectivos no seu territorio.

Grupo Parlamentario

Ben é certo que a maioría destas competencias son do Estado, pero non é menos certo que que unha unidade da Policía Nacional está adscrita á Comunidade Autónoma. Tanto nun caso coma no outro, ámbalas dúas actúan en Galicia e en beneficio da cidadanía galega, polo que é un asunto que debера ser de máximo interese para o noso Goberno.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta Proposición non de lei:

1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que demande:

a) Incremento de prazas de policía na nosa Comunidade Autónoma, a fin de cubrir a taxa de reposición e incrementar as dotacións en determinadas comisarias que xa arrastran un déficit crónico de persoal: Vilagarcía, Marín, Ribeira, Monforte, etc.

b) Neste mesmo senso, e aproveitando a creación da Área Metropolitana de Vigo, desenvolver a implantación do Corpo Nacional de Policía na área metropolitana recen creada, dependente da Xefatura de Vigo, e coa creación de novas comisarías en Porriño, Nigrán, Baiona, Cangas, etc.

c) Construción dunha nova comaría en Pontevedra e mellorar as instalacións existentes en tódalas que o precisen, dotándoas con recursos técnicos e materiais axeitados á nova realidade social e aos novos xeitos de delincuencia.

d) Creación dunha nova Unidade de Prevención e Reacción (UPR) na provincia de Pontevedra que dea servizo a Pontevedra, Vilagarcía e Marín.

e) Dotar, con carácter de urxencia, de vehículos novos e adecuados ás necesidades do servizo que se presta.

 Grupo Parlamentario

f) Dotar, con carácter de urxencia, a tódolos policíaas que prestan servizo en Galicia, de chalecos antibalas adecuados a anatomía de cada un dos seus compoñentes, singularmente as mulleres policíaas.

g) Reclamar o complemento de territorialidade para os e as policíaas que prestan servizo en Galicia.

h) Facilitar a conciliación laboral dos e das policíaas destinados na nosa Comunidade Autónoma, para que o exercicio da profesión non implique renuncias de tipo persoal.

i) Que a Xefatura Superior de Galicia exerza a acusación naquelas causas en que a policía sexa agredida no cumprimento do servizo e no desempeño do seu traballo.

2. No que se refire á Unidade Adscrita á Xunta de Galicia, o Parlamento insta ao Goberno Galego a demandar do Estado, no ámbito das súas competencias, e asumir no ámbito propio:

a) A un incremento dos efectivos destinados a esta unidade e a unha máis racional e efectiva redistribución do persoal que presta servizo nesta unidade.

b) A dotar a tódolos membros desta unidade de chalecos antibalas adaptados á anatomía de cada un dos seus membros, especialmente á anatomía das mulleres policíaas.

c) A dotar a esta unidade de vehículos adecuados ao servizo que presta.

c) A mellorar as instalación existentes e a dotalas dos medios adecuados para desempeñar as funcións encomendadas.

 Grupo Parlamentario

d) Dotar aos membros desta unidade de roupa e complementos axeitados as necesidades do servizo que desempeñan.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2016

Asdo.: M^a Soledad Soneira Tajés

Noela Blanco Rodríguez

Vicente Docasar Docasare

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Deputada-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 22/06/2016 12:41:24

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/06/2016 12:41:37

Noela Blanco Rodriguez na data 22/06/2016 12:41:45

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 22/06/2016 12:41:51

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Emilio Vázquez Blanco, Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López e José Ramón Val Alonso, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Puidemos ver recentemente como dúas asociacións como son ADEGA e Mariña Patrimonio, presentaron un dossier documentando unha serie de danos provocados pola industria madeireira, concretamente do eucalipto, en 40 xacementos arqueolóxicos do norte da provincia de Lugo.

Tal e como se pode ver neste traballo, no que aparecen fotografías e localizacións exactas dos elementos protexidos, as desfeitas afectan a mámoas, abrigos paleolíticos, castros e restos medievais de 12 concellos: Abadín, Lourenzá, O Vicedo, Alfoz, Mondoñedo, Viveiro, Barreiros, Trabada, Xove, Foz, Valadouro e Friol. Segundo parece, este problema foi provocado por plantacións, cortas, apertura de pistas, rozado con maquinaria pesada e outros labores asociados á explotación forestal do eucalipto.

Ademais, o problema é que, segundo afirman desde as dúas asociacións, “estes 40 casos, son só unha pequena mostra, a punta do iceberg do que pode estar a acontecer en moitos montes galegos”.

Non é a primeira vez que poñemos en valor o traballo voluntario de moitas persoas e colectivos, grazas aos que podemos coñecer o estado no que se atopa unha gran parte do patrimonio galego. Un traballo que está a suplir unha tarefa que debera corresponder á Xunta de Galicia que en materia de patrimonio, aplicou unha política de recortes e de abandono e que está a ter consecuencias irreversibles no patrimonio galego. Xa dixemos moitas veces, a modo de exemplo, que o 30 % dos bens declarados de interese cultural están nun estado de abandono ou xa non existen.

Grupo Parlamentario

Neste caso, tal e como advirten dende a Asociación Mariña Patrimonio, dos 500 xacementos inventariados pola Xunta nas comarcas da Mariña, 250 teñen eucaliptos enriba. E tendo en conta que os eucaliptos se cortan cada 15 anos, “isto significa que a metade dos xacementos están en grave risco, sobre todo as mámoas, que son moi febles”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que en colaboración coa industria do eucalipto, acade solucións que protexan o patrimonio que está sendo prexudicado debido á desregulación e desprotección da que está a ser vítima.

Pazo do Parlamento, 16 de xuño de 2016

Asinado dixitalmente por:

Emilio Vázquez Blanco na data 16/06/2016 19:18:33

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 16/06/2016 19:18:41

María Concepción Burgo López na data 16/06/2016 19:18:52

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/06/2016 19:19:15

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.


O **Grupo Parlamentar Mixto**, a iniciativa das súas deputadas **Mónica Fernández Rodríguez** e **Consuelo Martínez García** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4ª Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestas últimas semanas iniciouse unha campaña de recollida de sinaturas pola ANPA do CEIP de Sillobre no concello de Fene, coñecida como a antiga escola do Souto onde estudaron todas as veciñas e veciños desta parroquia, onde a Xunta mostrou a intención de unificar ás dúas clases existentes neste centro, unha de infantil (de 3 a 5 anos) e outra de primaria (de 6 a 7 anos) que na actualidade ten 16 alumnas/os.

As nais e pais están agardando a confirmación por parte da Consellería de Educación, pois a saben que unha das dúas docentes do centro (unha leva 25 anos e outra máis de 20) non continuarán o vindeiro curso. Dende a Consellería falan da redución do número de alumnos para o vindeiro curso pero non teñen en conta a taxa de natalidade desta parroquia onde volverá aumentar o número de alumnado.

Este feito empobrece o propio funcionamento da escola e fomenta o desprazamento das familias cara o centro urbano, favorecendo o despoboamento da zona rural do concello. A Xunta debería impulsar este tipo de escolas dando prioridade aos dereitos da infancia, aqueles que din que as nenas e nenos deben recibir clase no seu medio.



Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Garantir a existencia das dúas clases, unha de infantil e outra de primaria, para priorizar a educación na zona rural deste concello.
2. Tomar medidas para ofrecer unha educación de calidade e deste xeito evitar o despoboamento do rural.”

Pazo do Parlamento, a 17 de xuño de 2016

Asdo.: Mónica Fernández Rodríguez

Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.


Asdo.: Consuelo Martínez García

Voceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia.

Asinado dixitalmente por:

Mónica Fernández Rodríguez na data 17/06/2016 13:27:48

María Consuelo Martínez García na data 17/06/2016 13:27:56





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.es
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Cosme Pombo Rodríguez, Francisco Xesús Jorquera Caselas, Daniel Rodas Chapela**, e das deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo, Tereixa Paz Franco, Montserrat Prado Cores e María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á provisión dunha praza da especialidade *Conservación e Restauración do Documento Gráfico* na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galiza.

